



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2023-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

**XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA**  
**12 de Xaneiro de 2023**

Lugar

**SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO**

Hora de Inicio

**09:30**

Hora de Finalización

**09:51**

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA  
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ  
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 21.12.2022 (ACTA 2022/20)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. ADHESION AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION AS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS PARA O EXERCICIO 2023.

Pola Alcaldía dase conta das normas para solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais de **2023**, (BOP núm. 2, do 03.01.2023)

Ao ter en conta o que se establece no seu apartado "**9º) Réxime especial para os concellos a causa da coxuntura xeral**" que permite, ademais de adherirse ao réxime xeral, solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais de todo ou de parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 51.000,00 €) con destino ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios.

Ao considerar que esta posibilidade é a mais conveniente aos intereses municipais de cara ao exercicio **2023**, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,  
**ACORDA::**

**PRIMEIRO:** Solicitar á Excma. Deputación Provincial de Ourense o ingreso nas arcas municipais de todo o importe da achega provincial ás obras municipais (**51.000,00 €**) con destino ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios.





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**SEGUNDO:** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial de Ourense.

### 3º. APROBACION, SE PROCEDE, DO PLAN MUNICIPAL DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA NA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL

O Sr. Alcalde lembra aos presentes a **Resolución de Augas de Galicia do 23 de xuño de 2022** pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de **subvencións** aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de **auditorías municipais de abastecemento** encamiñadas a elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022 (**AU310C**)

Seguidamente, dáse conta da "**Auditoría de abastecemento e plan de actuación para minimizar as perdas de auga**" no Concello de Castrelo do Val, que elaborou **Aquaourense**, cofinanciada pola subvención concedida ao abeiro da norma anteriormente citada.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar a "**Auditoría municipal de abastecemento fronte ás perdas de auga no Concello de Castrelo do Val**", elaborada por Aquaourense, nos termos nos que se atopa redactada e que constan no expediente.

**SEGUNDO.** Remitir certificación deste acordo á **Augas de Galicia**, para constancia nese organismo; e aos efectos de cobramento da axuda que se concedeu.

### 4º. APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO TERCEIRO CATRIMESTRE DO 2022: DA TAXA DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA E DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. alcalde pon en coñecemento dos concelleiros asistentes á sesión que polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en base ós datos facilitados polo Concello da lectura dos contadores correspondentes, confeccionáronse os Seguintes padróns:

- Da **Taxa** do subministro domiciliario de auga potable no núcleo de Castrelo do Val correspondente ó **terceiro cadrimestre do 2022**
- Do **Cánon** da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este Concello correspondente ao **terceiro cadrimestre do 2022**.

Logo de examinar os devandito padróns, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

asistentes **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o padrón da Taxa por subministro de auga potable do **terceiro cadrimestre do 2022**, de data **12 de xaneiro do 2023**, que consta de **237** recibos, unha base imponible de **2.038,44** euros, IVE por importe de **203.83** euros, e un importe total de **2.242,27** euros.

**SEGUNDO:** Aprobar o padrón do Canon da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de subministro que presta este concello, correspondente ao **terceiro cadrimestre do 2022** que ascende a **1.931.06** euros.

(O Concello de Castrelo do Val, en virtude do establecido no artigo 48 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga, está obrigado a repercutir e recadar dos seus abonados ao servizo de subministro de auga o Canon da auga, e autoliquidar o importe a Augas de Galicia.)

Total Padróns cobratorios: **4.173,33** euros.

**TERCEIRO:** Expoñer ó público por prazo de 15 días estes padróns, mediante anuncio que se publicará no **BOP** e que se exporá no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, para que durante este prazo poidan examinalo e formular alegacións contra o mesmo ás persoas interesadas.

**CUARTO:** Período de pagamento voluntario: o prazo de cobramento en período voluntario destes padróns, será de **dous meses** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense, e realizarase a través do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situado na Rúa do Castro, 4. baixo. 32600 Verín (Ourense).

### 5º. COMPROMISO DE INCORPORACION DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL AO SERVIZO QUE PRESTA A BIBLIOTECA MÓBIL DE GALICIA.

O Sr. Alcalde inica o tratamento deste asunto, explicando que desde Consellería de Cultura contactouse có concello para trasladar a iniciativa da posta en funcionamento dun servizo de Biblioteca Móbil aos concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra Trasmiras e Vilardevós.

A creación deste servizo de biblioteca móbil representa, en síntese, **para os veciños** dos diferentes núcleos de poboación a apertura da posibilidade de disfrutar dun servizo público de biblioteca; e **para o concello**, un compromiso de colaboración e apoio loxístico, así como a designación dun interlocutor do proxecto.

Da execución do conenio, **non se derivan compromisos económicos** para o concellos asinantes; e a **duración** prevista do mesmo é de **un ano** desde a data da súa sinatura.

Tralo que, ao considerar conveniente para os intereses municipais a incorporación do





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Concello ao Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os concellos sinalados anteriormente, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

**PRIMEIRO: Aprobar a incorporación do Concello** de Castrelo do Val **ao Convenio** de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os concellos de Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra Trasmiras e Vilardevós para a **posta en marcha do servizo de biblioteca móbil**

**SEGUNDO: Designar como intelocutor do Concello** de Castrelo do Val a Dna. **María del Mar Valle Álvarez**, Primeira Tenente de Alcalde.

**TERCEIRO: Aprobar** que o **Concello base loxística do servizo** sexa o Concello de **Oímbra**.

**CUARTO: Facultar** expresamente ao **Sr. Alcalde**, D. Vicente Gómez García **para a sinatura do Convenio** e da restante documentación administrativa que resulte precisa para a materialización do acordado.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

